

D^a M^a. ELENA SUEIRO FERNÁNDEZ, SECRETARIA ACCTAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA),

CERTIFICA:

Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 7 de outubro de 2024 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

6.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DO ÁMBITO VECIÑAL POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS NO 2024

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 3 de outubro de 2024, que se recolle a continuación:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Téndose aprobado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 17/06/2024 as bases da convocatoria de subvencións do ámbito veciñal e do benestar, polas actividades realizadas en 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia nº121 de data 25/06/2024.

Téndose valorado a documentación presentada polas entidades interesadas por parte da comisión de valoración á que se refire a base 8ª da convocatoria, que presentou a súa proposta de concesión en data 30/09/2024.

Visto o informe de Intervención emitido ao respecto, de data 02/10/2024.

E, considerando o disposto na citada Base 8ª da Convocatoria referida,

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar a proposta da Comisión de valoración de data 30/09/2024 segundo a cal procede conceder os importes que de seguido se indican ás seguintes entidades beneficiarias:

ENTIDADE	PUNTOS	ACHEGA CONCEDIDA
AAVV O CACHON	70	3.404,73
ARC OS TILOS	70	890,10
ASPAMITE	75	1.960,18
AAVV O CASTRO RECESENDE	50	955,02
AAVV TRINXIDOIRO	55	2.856,63
AAVV A CARBALLEIRA DE SAN MARTÍNO	60	1.411,97
A MULLERES RURAIS	60	1.762,40

Segundo.- Dar conta do presente acordo ás entidades interesadas, así como ao servizos económicos aos efectos oportunos.

Teo, 3 de outubro de 2024

A Alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz”

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res 783/23), acorda:

Primeiro.- Aprobar a proposta da Comisión de valoración de data 30/09/2024 segundo a cal procede conceder os importes que de seguido se indican ás seguintes entidades beneficiarias:

ENTIDADE	PUNTOS	ACHEGA CONCEDIDA
AAVV O CACHON	70	3.404,73
ARC OS TILOS	70	890,10
ASPAMITE	75	1.960,18
AAVV O CASTRO RECESENDE	50	955,02
AAVV TRINXIDOIRO	55	2.856,63
AAVV A CARBALLEIRA DE SAN MARTÍNO	60	1.411,97
A MULLERES RURAIS	60	1.762,40

Segundo.- Dar conta do presente acordo ás entidades interesadas, así como ao servizos económicos aos efectos oportunos.

E para que conste, expido e asino o presente, de orde e co visto e praxe da sra. alcaldesa, coa reserva do artigo 206 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais en Teo, na data de sinatura dixital do presente.

Vº e praxe

A secretaria acctal,

A alcaldesa,

Mª. Elena Fernández Sueiro

Lucía Calvo de la Uz